

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Ramón Menéndez Pidal

CURSO: 2º BAC.

MATERIA: Historia da Filosofía

DEPARTAMENTO: Filosofía

DATA: 12/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Utilización de recursos e emprego de vocabulario axeitado; utilización de recursos dixitais (correo, webs, etc).</li> <li>▪ Analizar as producións dos alumnos: esquemas e comentarios de texto..</li> <li>▪ Realizar cuestionarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.</li> <li>▪ Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón.</li> <li>▪ Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonística e a política, en comparación coas teorías de Platón.</li> <li>▪ Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.</li> <li>▪ Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno.</li> <li>▪ Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaas coas solucións aportadas por Hume.</li> <li>▪ Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.</li> <li>▪ Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo.</li> <li>▪ Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto.</li> <li>▪ Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora.</li> <li>▪ O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto.</li> </ul>

- |  |  |
|--|--|
|  | <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto.</li><li>▪ Analiza e valora criticamente textos filosóficos sobre a problemática e os autores citados.</li></ul> |
|--|--|

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Facer esquemas dos temas do libro de texto (Editorial Anaya) relacionados cos estándares de aprendizaxe (temas 14, 15 e 16).</li> <li>▪ Comentar dous textos de Marx, un de Nietzsche e un de Ortega.</li> </ul>
	<b>Instrumentos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballo individual; utilización de recursos e emprego de vocabulario axeitado; utilización de recursos dixitais (correo, webs, etc).</li> <li>▪ Analizar as producións dos alumnos: esquemas e comentarios de texto.</li> <li>▪ Realizar probas específicas: cuestionario de recuperación.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A cualificación final é a cualificación da 2ª avaliación (a avaliación é continua).</li> <li>▪ Esta cualificación poderá verse incrementada ata 1 punto polo traballo realizado durante este 3º trimestre (0,5 pola esquema e 0,5 polos comentarios de texto). Tamén permitirá a recuperación da materia.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización dun exame de catro preguntas (2,5 puntos cada unha) sobre os contidos do 1º e 2º trimestre.</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<b>Criterios de avaliación:</b>
	<b>Criterios de cualificación:</b>
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Recuperación e ampliación</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Ler o temas 14, 15 e 16 do libro de texto e facer o esquema.</li><li>▪ Comentar dous textos de Marx, un de Nietzsche e un de Ortega.</li><li>▪ Visionar as películas, documental e conferencia publicados en Google Drive.</li><li>▪ As dudas e aclaracións serán resoltas a través do correo electrónico.</li></ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Libro de texto</li><li>▪ Gravacións explicativas dos temas</li><li>▪ Material audiovisual</li></ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Páxina web do centro</li> <li>▪ Abalar</li> <li>▪ Aula virtual</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.